



OBRADORIOS PUNTO ARCOÍRIS NO CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO MUNICIPAIS

**DOSSIER DE ACTIVIDADES DOS 'PUNTOS ARCOIRIS' NOS
CENTROS EDUCATIVOS MUNICIPAIS DE PRIMARIA NO MARCO DO
17 DE MAIO DE 2025, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A
LGTBIFOBIA**

[SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EN IGUALDADE DO CONCELLO DE OLEIROS]



Concello de  **Oleiros**

Contidos

PUNTOS ARCOIRIS	3
OBRADOIRO NA AULA	4
ACTIVIDADE 1. QUE É O AMOR?	5
OBXECTIVO	5
DESENVOLVEMENTO	5
ACTIVIDADE 2. HAI 2 TIPOS DE PERSOAS... ..	7
OBXECTIVO	7
DESENVOLVEMENTO	7
ACTIVIDADE 3. AS SEMENTES DO AMOR	9
OBXECTIVO	9
DESENVOLVEMENTO	9
REFLEXIÓN FINAL.....	11
BONUS TRACK! ACTIVIDADE EXTRA PARA DEIXAR NA AULA: A RECEITA DO AMOR.....	12
OBXECTIVO	12
DESENVOLVEMENTO	12
ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN NO PUNTO ARCOIRIS	14
DESENVOLVEMENTO	14

Como cada ano, o Concello de Oleiros quere facer explícito o **seu compromiso en seguir traballando en prol dun municipio libre de violencias machistas**, entendendo que, por unha banda, o **recoñecemento da diversidade sexual e de xénero** e, pola outra banda, a **erradicación das violencias LGTBifóbicas**, son imprescindibles para acadar unha sociedade verdadeiramente xusta, libre, igualitaria e democrática.

O Concello de Oleiros traballa en prol da diversidade e contra as violencias LGTBifóbicas de forma sostida e continuada no tempo, pois entende que tan só así conseguírase un impacto social real e efectivo.

Mais tamén é consciente de que **as datas sinaladas e de conmemoración son palestras de sensibilización e comunicación coas que se consegue chegar a unha maior parte da cidadanía**, completando e apoiando o traballo realizado o resto do ano.

Por este motivo, desde a área de Igualdade do Concello de Oleiros realizaranse **actividades de sensibilización co alumnado e os centros educativos para a conmemoración do 17 de Maio de 2025, Día Internacional contra a LGTBifobia**.

A continuación recóllese que son os Puntos Arcoíris, as datas propostas para a súa realización, e o dossier das actividades que se van realizar co alumnado nos centros públicos municipais de educación primaria.

PUNTOS ARCOIRIS

O 17 de Maio, Día Internacional contra a LGTBIfobia, é un día para a concienciación sobre as violencias que sofren as persoas LGTBIQA+ nos diferentes ámbitos (persoal, profesional, académico etc.) e espazos (rúa, fogar, transporte, ocio nocturno etc.) da súa vida polo feito de ser LGTBIQA+.

Por isto, desde o Concello de Oleiros **instalaranse Puntos Arcoíris nos diferentes centros educativos municipais entre o 6 e o 22 de maio**, un día en cada centro durante a súa xornada escolar.

Os Puntos Arcoiris son **puntos de información, sensibilización e atención para a inclusión da diversidade sexual e de xénero, e para a prevención, detección e actuación fronte as violencias LGTBIfóbicas**, conformados por un equipo de profesionais en materia de xénero, diversidade e violencias. Nos Puntos Arcoíris instalados nos centros, tanto o alumnado como o profesorado poderá recibir información sobre:

- As violencias LGTBIfóbicas e as súas manifestacións (indicadores para a prevención, detección e actuación);
- Os recursos e servizos de información e atención especializados na materia a nivel municipal, autonómico e estatal;
- Temas de interese entre o propio alumnado e profesorado en materia de diversidade sexual e de xénero e violencias LGTBIfóbicas.

Ademais, desde os Puntos Arcoíris realizarase **unha actividade de sensibilización** co obxectivo de concienciar e sensibilizar ao alumnado arredor das accións que pode desenvolver no día a día para facerlle fronte ao odio e contribuír á transformación social.

Data:	Os días 13,15,19, 20, 21, 22 e 23 de maio
Horario:	Xornada escolar
Lugar:	Centros de educación primaria do Concello de Oleiros
Público obxectivo:	Alumnado e profesorado

OBRADOIRO NA AULA

Como se chama?	O amor tamén é un súper poder
A quen vai dirixido?	Alumnado de 4º e 5º
Canto dura?	50 minutos (1 sesión)
Que persegue?	Reflexionar co alumnado sobre o amor como unha ferramenta poderosa de transformación social fronte ao odio e a discriminación, entendendo o amor como acto que coida, respecta, constrúe comunidade e celebra a diversidade.
Que enfoque ten?	Práctico, visual, participativo e adaptado a esta etapa educativa.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER NAS AULAS

1. QUE É O AMOR?

Unha conversa guiada sobre o significado profundo do amor: como acción, como coidado, como respecto ás diferenzas e como construción de espazos seguros e amables. É dicir, como ferramenta de cambio social.

2. HAI 2 TIPOS DE PERSOAS...

Esta actividade consiste nun xogo participativo onde as nenas e nenos escollen entre opcións que representan gustos, personalidades ou hábitos dicotómicos, reflexionando sobre a riqueza da diversidade e o valor das cousas que nos unen e nos diferencian.

3. AS SEMENTES DO AMOR

A partir da metáfora dunha semente, reflexionan sobre as accións pequenas que poden facer para que o amor medre. Usan post-its para escribir esas accións e poñen en valor o amor como algo que se coida no día a día.

BONUS TRACK: A RECEITA DO AMOR

En grupos, elaboran unha receita imaxinaria onde os ingredientes son emocións, actitudes e accións que constrúen espazos seguros, amables e felices. O obxectivo é promover o traballo colectivo e a identificación de boas prácticas para a convivencia.

ACTIVIDADE 1. QUE É O AMOR?

Duración: 10 minutos

OBXECTIVO

Esta primeira actividade ten como finalidade iniciar unha reflexión profunda e participativa co alumnado sobre o verdadeiro significado do amor. A través dunha dinámica que provoca a reflexión e a interacción, buscaremos que as nenas e nenos se dean conta de que o amor non se limita ao que ven nos contos ou na relación de parellas, senón que tamén está presente nas interaccións do día a día: nas amizades, na familia, na aula, e no trato respectuoso e coidadoso entre as persoas.

Ademais, queremos que o alumnado comprenda que o amor é máis que un sentimento: é unha acción transformadora. Tratar aos demais con respecto, escoitar, axudar e aceptar as diferencias son formas de practicar o amor.

Así, o obxectivo é que nenas e nenos reflexionen sobre como o amor pode ser un motor para transformar a súa contorna en espazos máis acolledores, seguros e amables, construíndo comunidade.

DESENVOLVEMENTO

Para comezar, lanzaráselles a seguinte reflexión:

O odio é unha emoción moi forte e moi intensa, non?

Moitas veces, a min pásame que o odio me xera moito medo. Pero ás veces penso que, tamén porque teño medo, remato por odiar.

Odiar o que non coñezo, o que me asusta, e o que percibo, sobre todo, como diferente a min, aos meus valores, a miña forma de ver a vida, o que penso que é incorrecto... a vós non vos pasa?

Pero sabedes que, o odio adoita producir máis odio, máis rabia, máis enfado. Vamos, que do odio realmente non hai nada bo que sacar.

Agora ben, hai algo, outro sentimento, outra emoción, igual de forte e intensa, capaz de rematar co odio. Sabedes cal é?

Cal pensades que pode ser?

Exacto! O amor. Pero, sabiades que o amor é moito máis que quererse moito?

O amor é algo así como un súper poder que serve para facer que todas as persoas se sintan ben, importantes, a gusto, tranquilas, e mesmo libres!

Algunha vez o pensastes?

E por iso hoxe imos falar dese amor que coida, que respecta e, sobre todo, que constrúe. Ese amor que é moi pero que moi amigo da diversidade.

Pero antes de seguir, nós tamén queremos saber que pensades:

- **Para vós, o amor que é?**
- **Só pode haber amor nas parellas? Ou tamén pode darse nas amizades, nas familias, aquí no voso cole, na vosa aula... que pensades?**

Explicación dinamizadoras:

O certo é que **o amor é algo moi grande e poderoso**. Non se trata só do que vemos en películas ou contos de princesas. O amor é outra cousa, son outras moitas cousas:

- **O amor é coidado.** Por exemplo:
 - Cando axudamos a alguén que o precisa,
 - cando escoitamos a unha amiga ou amigo que está triste,
 - cando lle sorrimos a alguén que está só.

Iso tamén é amor, non credes?

- **O amor é respecto.** Por exemplo:
 - Cando aceptamos ás persoas tal como son, sen querer cambialas, sen ridiculizalas polo que lles gusta ou por como se expresan.

- **O amor é amizade e comunidade.**
O amor está nas amizades, na familia, na vosa aula, no cole... Porque o amor tamén consiste en crear un espazo onde todas e todos nos sintamos ben, seguras e aceptadas.

E isto é dos actos de amor máis grandes que hai, non credes?

Hai unha autora que a min me gusta moito, que se chama bell hooks. Ela dicía que o amor non é só un sentimento que nós, como persoas, podemos sentir a nivel individual, senón que, e sobre todo, é unha acción.

Vamos, que non serve de nada dicir 'quero moito aos compañeiros e compañeiras de clase', se logo non as trato ben. Di bell hooks que o amor é tan poderoso que é capaz de construír espazos onde todas as persoas poden ser elas mesmas sen medo.

- **Que vos parece? Vós, que pensades sobre isto que di bell hooks?**
- **Que cousas pequenas ou grandes pensades que podedes facer no voso día a día para que haxa máis amor ao voso redor?**

ACTIVIDADE 2. HAI 2 TIPOS DE PERSOAS...

Duración: 20 minutos

OBXECTIVO

Con esta actividade traballarase a comprensión e valoración da diversidade humana a través dunha dinámica lúdica e divertida. Así, buscarase que o alumnado reflexione sobre as diferenzas e semellanzas entre as persoas e como, a pesar de parecer moi diferentes nalgúns aspectos, todos e todas compartimos cousas en común.

A través deste xogo, compárase e clasifícase a participantes en dous tipos de persoas segundo as súas respostas a diferentes preguntas, coa finalidade de que alumnado vexa que, aínda que cada persoa ten a súa propia identidade e preferencias, tamén existen moitas similitudes que nos conectan.

O obxectivo é, polo tanto, que as nenas e nenos se decaten de que, máis aló das diferenzas evidentes, as persoas teñen moito en común, e que estas semellanzas son tamén unha maneira de promover a inclusión e o respecto mutuo. Polo tanto, trasladaráselle que ao aceptar e respectar as diferenzas, podemos construír espazos comúns máis diversos e acolledores, onde todas as persoas se sintan aceptadas e valoradas.

DESENVOLVEMENTO

Agora imos xogar a un xogo que se chama: Hai 2 tipos de persoas...

Van ir aparecendo na pantalla 2 tipos de persoas: persoas nube e persoa lume.

Ímosvos entregar unha ficha, e en función do tipo de persoa que sexades, tedes que marcar a cunha X a casilla nube ou a casilla lume en cada unha das categorías que vaian aparecendo.

Imos alá!

Hai 2 tipos de persoas... (exemplos)

	
As que lles encanta o borde da pizza	As que nunca comen o borde da pizza
As que din 'un capítulo máis'...e ven 4!	As que conseguen salvarse e parar a serie a tempo!
As do team Aitana	As do team Bizarrap
As que odian os luns	As que adoran os luns
As que son máis de praia	As que son máis de montaña
As que lles gusta abrazar	As que prefiren chocar as cinco
As que prefiren pintar con rotus	As que prefiren as ceras
As que son de doce	As que son de salgado
As que lles encantan as palomitas para ver unha peli	As que prefiren as chuches
As que lle botan a salsa á comida por enriba	As que prefiren botar a salsa nun lado
As que prefiren os gatos	As que son máis de cans
As que remexen o iogur antes de comelo	As que o comen tal e como está
As que comen o chocolate a bocados	As que o deixan derreter na boca
As que falan moito na clase	As que prefiren escoitar
As que prefiren a primavera	As que prefiren o outono
As que bailan cando ninguén as ve	As que lle encanta bailar diante de todo o mundo

Agora poñédevos de pé e botádelle un ollo ás vosas fichas e ás fichas do resto.

Que vedes? Que notades?

Explicación dinamizadoras:

Aínda que parecía que só hai dous tipos de persoas, en realidade cada quen de vós ten unha combinación única de nubes e lumes, non si?

Ningunha ficha é exactamente igual a outra, non? Dádesvos conta?

Iso significa que todas as persoas somos diferentes en algo e, ao mesmo tempo, sempre temos algo en común con alguén.

Ás veces pensamos que as persoas que parecen moi distintas a nós están nun mundo totalmente diferente, pero sempre atopamos algo que compartimos con elas.

E iso tamén é o bonito da diversidade!

O amor do que falabamos antes tamén ten que ver con isto: con respectar as diferenzas, celebrar o que nos fai únicas e, sobre todo, celebrar os lazos que nos unen. Porque cando aprendemos a ver e valorar a diversidade, facemos que o noso mundo sexa máis acoledor para todas as persoas. Tamén para nós mesmos e mesmas!

- **Descubristes semellanzas con alguén que pensabades que era moi diferente a vós?**

ACTIVIDADE 3. AS SEMENTES DO AMOR

Duración: 20 minutos

OBXECTIVO

Con esta actividade queremos que o alumnado reflexione sobre a relación entre o coidado e o amor, utilizando a metáfora das sementes para transmitir a idea de que o amor debe ser alimentado e coidado para que medre e teña froitos. Así, buscamos que a rapazada comprenda que, ao igual que unha semente necesita atención, paciencia e os elementos axeitados para crecer, as persoas tamén necesitamos coidados e respectos diarios para desenvolvernos de maneira plena.

Queremos, ademais, que o alumnado se dea de conta de que o amor, lonxe de ser unha idea abstracta ou algo que se manifesta só en momentos especiais, é un proceso continuo que require de pequenas accións no día a día.

A través da actividade, buscamos fomentar a empatía, o respecto e a responsabilidade emocional. Queremos que cada alumno e alumna sexa consciente de que, mediante as súas propias accións, por pequenas que parezan, teñen o poder de mellorar o seu entorno e xerar un impacto positivo.

Polo tanto, o obxectivo é que o alumnado valore o amor como unha ferramenta poderosa para construír un mundo mellor, e que entendan que todos e todas temos a responsabilidade de sementar e coidar o amor a través de xestos cotiáns.

DESENVOLVEMENTO

Nesta actividade entregámoslle unha semente (lentella) a cada alumna e alumno, coa finalidade de reflexionar que é o que fai que esa semente medre e teña froitos, ao igual que cando coidamos ás persoas.

Agora ímosvos entregar unha lentella a cada un e cada unha de vós, e post-its de tres cores.

Ímosvos pedir que pechedes os ollos e pensades na resposta á seguinte pregunta:

- **Que pequena cousa podo facer para facer sentir ben a alguén?**

Cando o teñades, abride os ollos e anotádeo no post-it de cor XXX.

Agora imos volver pechar os ollos e imaxinar que esa semente que tedes cae na terra, e pensade a resposta ás seguintes preguntas:

- **Que medra cando tratamos a alguén con amor?**
- **Que cousas boas pasan cando nos coidamos entre nós?**

Cando o teñades, abride os ollos e anotade a primeira resposta no post-it de cor XX, e a segunda no post-it de cor XXX.

Explicación dinamizadoras:

Agora mirade todas esas sementes que tedes.

Son pequenas, verdade?

Pero dentro delas hai algo marabilloso: teñen o poder de medrar e converterse en algo fermoso, unha planta, unha árbore, unha flor. Mais, para que iso suceda, necesitan coidado: auga, luz, boa terra, paciencia...

Se as abandonamos, non crecerán.

Pois o mesmo pasa co amor.

O amor non é só unha palabra bonita, senón algo que temos que alimentar coas nosas accións, con pequenos xestos cada día. Cada vez que facemos algo para que alguén se sinta ben – como sorrir, axudar, escoitar– estamos plantando e regando a semente que nos une.

Agora mirade os vosos post-its.

En cada un deles escribistes ideas que representan eses coidados que lle podemos dar ás sementes no noso día a día. Todas estas pequenas accións constrúen algo moi importante: unha comunidade onde todas as persoas se sintan ben, seguras e aceptadas, onde poder medrar sentíndonos tranquilas, queridas e coidadas.

Entón, que imos facer con estas sementes?

Queremos deixalas sen regar ou queremos seguir coidándoas?

O amor, ao igual que unha planta, precisa ser coidado e alimentado, e se o facemos... imaxínade todo o bonito que pode medrar ao noso redor.

Lembrede, o amor é a ferramenta máis potente que temos contra o odio.

Porque no odio, nada medra, todo morre.

REFLEXIÓN FINAL

Hoxe fixemos un pequeno camiño en compañía para descubrir algo moi importante: que o amor é moito máis que o que vemos nos contos ou nas películas.

O amor non é só iso que se dá entre parellas, nin é só un sentimento bonito.

O amor tamén é unha decisión, unha acción, algo que facemos cada día para construír un mundo onde todas as persoas poidamos ser nós mesma, sen medo.

O odio non nos leva a nada bo.

Por iso é importante volver sementar amor, que require de pequenos xestos cotiáns. E o certo é que todas e todos temos o poder de facelo. Porque o amor pode estar nun sorriso, nunha palabra amable, nunha man que axuda, nunha amizade que coida...

Entón, agora que xa sabemos isto...

- ***Que podemos facer con este súper poder?***
- ***Queremos gardalo só para nós? Ou queremos usalo para facer da nosa aula, do noso cole, do noso mundo un lugar máis seguro, máis amable e máis diverso?***

O cambio non comeza con cousas grandes: comeza coas pequenas accións de cada día, con cada unha das sementes que plantamos hoxe.

Porque cando escollemos tratar ben ás persoas, cando escollemos respectar e coidar, estamos facendo algo moi grande: estamos construíndo un mundo onde todas e todos teñamos un lugar.

- ***E para rematar, se tivésedes que elixir unha palabra para levar con vós deste obradoiro, cal sería?***

BONUS TRACK! ACTIVIDADE EXTRA PARA DEIXAR NA AULA: A RECEITA DO AMOR

Duración: 30 minutos

OBXECTIVO

O obxectivo desta actividade extra é fomentar a colaboración e o pensamento simbólico entre o alumnado, facendo que reflexionen sobre as accións concretas que poden realizar para crear espazos seguros, amables e respectuosos. A través da creación dunha "receita máxica", o alumnado comprenderá que para construír unha comunidade igualitaria e inclusiva, é necesario exercer o amor mediante accións diarias.

A actividade busca tamén resaltar a importancia do traballo colectivo, poi ao crear estas receitas en grupos, contribuírase a que aprendan a colaborar, a compartir ideas e a acordar accións concretas que favorezan a convivencia positiva e o benestar. Ademais, a actividade invita a pensar no amor como algo que se pode 'cociñar', 'preparar' de forma creativa e divertida.

Polo tanto, búscase que o alumnado sexa capaz de identificar as pequenas accións que pode realizar no seu día a día para aplicar os ingredientes que fan crecer un ambiente de coidado, respecto e benestar.

A tarefa tamén é unha invitación a que o profesorado continúe traballando estas ideas de forma práctica na aula, buscando ser unha ferramenta útil que promova a cultura do bo trato e a diversidade dentro do centro.

DESENVOLVEMENTO

Imos traballar en grupos de 3-4 persoas para crear a receita máxica que sirva para facer do mundo un lugar onde todas as persoas se sintan benvidas, aceptadas e coidadas. Ímosvos entregar unha ficha a cada grupo, que contén todos os pasos que tedes que dar para crear a receita:

- **Pensar nun nome para a receita**
Por exemplo: "Tortiamor", "Coidogalletas", "Amor con chispas", "Zume da empatía"...
- **Elixir os ingredientes máxicos e as cantidades de cada un**
Por exemplo: 2 culleradas de respecto, 3 gramos de empatía, unha migalla de risas compartidas, medio litro de palabras bonitas, 2 mililitros de apertas...
- **Indicar como se prepara**
Por exemplo: mesturar as risas co respecto, bater ben os coidados e incorporar pouco a pouco as palabras bonitas... Finalmente meter a masa resultante no molde da empatía e ao forno da paciencia con ela por 20 minutos!

- **Escribir unha recomendación de como consumila**

Por exemplo: tomar en doses diarias cando vexas que alguén está triste, repartir sen medo a todas as persoas que se sintan diferentes...

Unha vez a teñades, compartíremola cos compañeiros e compañeiras da clase.

Explicación dinamizadoras:

Acabades de convertervos en auténticas cociñeiras e cociñeiros do amor! É máis, creastes receitas máxicas para facer do mundo un lugar mellor, máis acolledor, onde todas as persoas se sintan benvidas, aceptadas e coidadas. Vedes como o amor si é un súper poder? Ademais, este súper poder, se vos dades conta, exércese de forma colectiva.

Se vos fixades, todas as receitas que inventastes teñen ingredientes moi especiais: respecto, coidado, empatía, risas, palabras bonitas...

E non credes que estes ingredientes son pequenos xestos que podemos facer no noso día a día?

Pequenos detalles como escoitar, compartir, sorrir ou tratar con amabilidade poden marcar unha gran diferenza.

E agora que xa temos as nosas receitas do amor, o reto é **poñelas en práctica!** Pensemos en como podemos engadir estes ingredientes á nosa aula, ao noso cole, ás nosas amizades e mesmo ás nosas casas.

- **Que vos parece? Que ingrediente pensades que deberiamos usar máis no noso día a día?**

ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN NO PUNTO ARCOIRIS

Como se chama?	O amor é unha acción!
A quen vai dirixido?	Alumnado de todo o centro educativo.
Canto dura?	30 minutos (durante o recreo)
Que persegue?	• Reforzar a idea de que o amor é unha ferramenta transformadora. • Crear comunidade e sentimento de implicación. • Enmarcar o amor como antídoto fronte ao odio e á exclusión.
Que enfoque ten?	Práctico, participativo e adaptado a esta etapa educativa.

DESENVOLVEMENTO

Durante o recreo, instálase un espazo sinalizado como Punto Arcoíris, cun mural titulado: **Accións que cambian o mundo**.

Para recibir o agasallo e o pack de materiais de sensibilización que se vai entregar desde o Punto Arcoíris, as nenas e nenos terán que coller un papel de cores/post-it, e responder á seguinte pregunta:

- **Que cousa pequena podo facer no día a día para facer sentir ben a alguén?**

As respostas íranse pegando no gran mural colocado para tal fin, coa finalidade de recoller unha gran variedade de accións cotiás que expresen amor, coidado e respecto, quedando plasmadas no centro de ensino.